

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 19 DE SETEMBRO DE 2019,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción do itinerario peonil e ciclista na PO-531, treito: A Devesa – Bretoña, puntos quilométricos 6+200 - 10+250, de clave: PO/16/261.06, nos concellos de Pontevedra e Barro.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Leiro da totalidade da estrada OU-188 e dun treito antigo da OU-504, Ribadavia (N-120) – Cea (OU-901).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se regulan os criterios hixiénico-sanitarios das piscinas de Galicia.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e as organizacións non gobernamentais, Solidariedade Internacional de Galicia, Asociación Galega de Reporteiros Solidarios e Asamblea de Cooperación por la Paz para a execución do proxecto Cooperación galega: o mundo que queremos 2019-2020, por importe total de setenta e tres mil seiscentos noventa e un euros (73.691 €).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Acordo polo que se autoriza eximir da obriga da presentación de garantías polo importe dos pagamentos anticipados e á conta, de acordo co artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como a superación do límite do 80% nos pagamentos parciais, de conformidade co artigo 62.2 do citado regulamento, na orde desta consellería para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación do sistema universitario, cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento

Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2019 por importe de vinte millóns catrocentos oitenta mil euros (20.480.000 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto do contrato de obras de construción dun centro de atención a persoas con discapacidade no concello de Ourense (exp.: 79/2019). Importe de licitación: oito millóns cento catro mil oitocentos corenta e sete euros con vinte seis céntimos (8.104.847,26 €). Valor estimado: seis millóns seiscentos noventa e oito mil douscentos vinte euros con oitenta e oito céntimos (6.698.220,88 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se aproba o texto do proxecto de Decreto polo que se crea e regula o rexistro de masas consolidadas de frondosas autóctonas, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a creación da Rede de Comercios e Mercados no Camiño.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA AS EXPROPIACIÓNS PARA A EXECUCIÓN DUNHA SENDA NA ESTRADA PO-531, NO CONCELLO DE PONTEVEDRA, CUN INVESTIMENTO DE CASE 800.000 EUROS

- ***A Xunta licitará a finais deste ano as obras de construción dun itinerario peonil de 1.500 metros que conectará os núcleos de Sabarís, O Bispo e A Devesa***
- ***Esta obra complementará a de mellora da seguridade que está en execución nesa mesma estrada, sumando un investimento de máis de 1,3 M€ nesta zona da Devesa***
- ***Os traballos de acondicionamento da vía neste punto están moi avanzados, pois xa se está construíndo unha glorieta que contribuirá á redución da velocidade na zona e a mellorar a seguridade dos xiros***
- ***O Goberno galego iniciou a mellora desta estrada en 2017 coa glorieta de acceso ao polígono de Sequeiros e ten programadas novas actuacións no treito que discorre polo concello de Barro***

O Consello da Xunta aprobou hoxe as expropiacións para a execución dunha senda na estrada PO-531 na Devesa, no concello de Pontevedra, que reforzará a seguridade viaria na contorna. O Decreto de utilidade pública comprende as expropiacións das 25 fincas necesarias para a execución dun itinerario peonil seguro e accesible entre os puntos quilométricos 5+460 e 6+900.

Este itinerario conta cun investimento autonómico de case 800.000 euros, incluído o orzamento destinado ás expropiacións. A Xunta ten prevista a licitación do contrato de obras a finais deste ano para executalas a continuación.

A senda permitirá comunicar os núcleos de Sabarís, O Bispo e A Devesa, nunha lonxitude próxima aos 1.500 metros, executada en formigón e cun ancho mínimo de 2 metros, na estrada PO-531.

Ademais, executarase unha franxa axardinada de separación entre a calzada e a senda naquelas zonas onde haxa espazo suficiente, a rede de drenaxe de augas pluviais, unha pasarela sobre o Rego Castrado e muretes de contención de terras para ampliación da plataforma onde sexa necesario.

A nova actuación enmárcase no Plan de sendas de Galicia e, en concreto, nas actuacións desenvolvidas para a comarca de Pontevedra. Esta iniciativa está cofinanciada con fondos europeos do programa operativo Feder 14-20.

Cómpre destacar que esta obra complementa a de mellora da seguridade viaria que está en execución, sumando un orzamento conxunto superior aos 1,3 millóns de euros na estrada PO-531, na zona da Devesa.

No día de hoxe, os traballos de acondicionamento da PO-531 na Devesa están moi avanzados. Así, xa se está construíndo unha glorieta que reducirá a velocidade na estrada e mellorará a seguridade dos xiros.

O Goberno galego iniciou as melloras desta estrada no ano 2017 coa glorieta de acceso ao polígono de Sequeiros e ten programadas novas actuacións de mellora da seguridade viaria no treito que discorre polo concello de Barro.

Con esta actuación, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade segue traballando na mellora da seguridade viaria na estrada PO-531, no seu treito entre Pontevedra e Curro. O investimento autonómico acada os 3,8 millóns de euros, só en traballos recentes e en licitación, ou cos proxectos en redacción do Departamento de Infraestruturas da Xunta de Galicia.

A XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE A PROL DO CONCELLO DE LEIRO DE DÚAS VÍAS AUTONÓMICAS AO SEU PASO POLO MUNICIPIO

- ***Estes dous tramos de estradas, denominadas como variante de Vieite e variante de Gomariz, posúen un tráfico local e carecen de funcionalidade dentro de rede autonómica de estradas de Galicia***
- ***O cambio de titularidade facilitará a adecuación das vías ao seu funcionamento como rúas***
- ***Coa transferencia aprobada hoxe polo Executivo autonómico, o Concello ourensán terá a competencia para actuar nestas vías e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento***

O Consello da Xunta acaba de autorizar hoxe o cambio de titularidade a prol do Concello de Leiro da totalidade da antiga estrada OU-188 e dun treito antigo da OU-504, ao seu paso polo municipio ourensán.

O Concello de Leiro manifestou á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade o seu interese pola transferencia dun antigo trazado da estrada OU-188, entre os puntos quilométricos 0+040 e 0+640, denominada Variante de Vieite. E tamén solicitou o cambio de titularidade do treito antigo da OU-504, que ten o seu inicio nos puntos quilométricos 11+276 marxe esquerda e final no punto quilométrico 11+510 marxe esquerda da actual OU-504, denominada Variante de Gomariz.

O Departamento de Infraestruturas da Xunta de Galicia informa favorablemente a transferencia dos tramos solicitados, que posúen un tráfico local e que na actualidade carecen de funcionalidade dentro da rede autonómica de estradas de Galicia. O cambio de titularidade facilitará a adecuación das vías ao seu funcionamento como rúas.

A transferencia a prol do Concello de Leiro destes treitos das estradas autonómicas tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que debe ser aprobado por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Executivo autonómico, o Concello ourensán terá a competencia para actuar nestes tramos e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

A entrega deste treitos formalizarase mediante a sinatura da acta de entrega, no prazo dos dous meses seguintes á publicación no *Diario Oficial de Galicia* do decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico.



A XUNTA ACTUALIZA A NORMATIVA SOBRE AS CONDICIÓNS HIXIÉNICAS E SANITARIAS DAS PISCINAS

- ***O Consello da Xunta aproba un decreto que adapta a normativa estatal ás características do ámbito xeográfico galego e que deroga o anterior decreto de 2005***
- ***Con esta actualización equipáranse as piscinas das casas rurais e de agroturismo, así como as de colexios maiores e residencias, ás dos establecementos de aloxamento turístico en canto ás esixencias que deben cumprir***
- ***A inspección e vixilancia das piscinas de comunidades de propietarios e as unifamiliares pasan a ser competencia municipal***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou esta mañá o Decreto polo que se regulan os criterios hixiénico-sanitarios das piscinas de Galicia. Deste xeito, adáptase a normativa estatal ás características do ámbito xeográfico galego, ademais de establecer os distintos aspectos técnicos e de seguridade para a protección dos usuarios e asignar as competencias das administracións públicas neste ámbito. Coa aprobación desta normativa derógase o anterior Decreto 103/2005 do 6 de maio, polo que se establecía a regulamentación técnico-sanitaria das piscinas de uso colectivo.

Entre as novidades deste decreto destaca a equiparación das piscinas das casas rurais e de agroturismo, así como as de colexios maiores e residencias, coas dos establecementos de aloxamento turístico en canto ás esixencias que deben cumprir. Así, o titular deste tipo de piscina deberá facer controis de calidade de auga e aire e colocar de xeito visible para o público os últimos resultados destes controis, xunto co de situacións de incumprimento da normativa que se teñan producido na piscina. A esta información hai que engadir material divulgativo sobre prevención de afogamentos, traumatismos craneoencefálicos e lesións medulares e sobre protección solar no caso de que a piscina sexa ao aire libre.

Tamén ten que estar visible a información sobre as substancias químicas empregadas no tratamento da auga, a existencia ou non de socorrista, os enderezos e teléfonos de contacto de centros sanitarios e de emerxencias, así como os dereitos e deberes dos usuarios.

Outra das novidades é a obriga de que o titular realice unha declaración responsable antes de entrada en funcionamento da piscina por primeira vez, tras a realización de obras de construción ou modificación e cando se produzan cambios nas circunstancias ou datos que declarara con anterioridade. Tamén hai que comunicar o reinicio da actividade tras máis de dúas semanas de peche en piscinas de uso continuo e a reapertura nas piscinas de uso discontinuo.

Tras a entrada en vigor deste decreto, serán os concellos os responsables da inspección e vixilancia das piscinas unifamiliares e de comunidades de propietarios, deixando a Sanidade a vixilancia do cumprimento da lexislación en materia sanitaria das piscinas públicas e das

piscinas privadas correspondentes a casas rurais ou de agroturismo, a colexios maiores, a residencias universitarias ou similares.

Ademais, o novo decreto prevé cambios en temas como as medidas de prevención efectiva dos riscos para a saúde asociados ás instalacións, o control da auga do vaso previo ao inicio da actividade ou o criterio para o cálculo da temperatura ambiente para piscinas cubertas con varios vasos cuxa auga está a distinta temperatura, entre outras novidades.

A XUNTA COLABORA CON TRES ONGD GALEGAS PARA POÑER EN MARCHA A SÉTIMA EDICIÓN DO PROXECTO COOPERACIÓN GALEGA: O MUNDO QUE QUEREMOS

- ***A Vicepresidencia da Xunta asinará o convenio coas ONGD Solidariedade Internacional de Galicia, Asociación Galega de Reporteiros Solidarios e Asemblea de Cooperación pola Paz***
- ***Trátase dunha iniciativa financiada polo Goberno galego e enmarcada no Plan Proxecta***
- ***Este convenio pretende dar cumprimento aos compromisos do IV Plan director da cooperación galega 2018-2021***

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura do convenio de colaboración coas ONGD galegas Solidariedade Internacional de Galicia (SIG), Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (Agareso) e Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP) para a execución, por sétimo ano consecutivo, do proxecto *Cooperación galega: o mundo que queremos 2019- 2020*, que desta vez conta cun orzamento de 73.691 euros.

A través deste acordo, a Vicepresidencia da Xunta de Galicia colaborará na execución da sétima edición do proxecto, que se desenvolve no marco do Plan Proxecta, unha iniciativa de innovación educativa que ten por obxecto facilitar a colaboración entre distintos departamentos da Xunta que dispoñen de programas dirixidos aos centros educativos.

O proxecto ten como obxectivo o fomento dunha adolescencia galega consciente da interconexión entre realidades locais e dinámicas globais e o apoio no exercicio da súa corresponsabilidade da construción da xustiza social, a través da educación para o desenvolvemento, a solidariedade e a loita contra a pobreza, nos centros educativos galegos.

Este convenio pretende dar cumprimento aos compromisos establecidos no IV Plan director da cooperación galega 2018-2021, aprobado no Parlamento de Galicia en xuño do ano pasado, e no Plan anual da cooperación galega para o desenvolvemento de 2019, aprobado polo Consello da Xunta en febreiro deste ano, en especial no que se refire a levar a cabo unha política de educación para o desenvolvemento orientada a construír unha cidadanía global comprometida co cambio social, a solidariedade e o desenvolvemento humano sustentable.

Antecedentes

No ano 2013, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, en coordinación coa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, impulsou un proxecto piloto titulado *Cooperación galega; o mundo que queremos*, que foi desenvolvido no marco do Plan Proxecta, iniciativa de innovación educativa que ten por obxecto facilitar a colaboración entre distintos departamentos da Xunta de Galicia que dispoñen de programas dirixidos aos centros educativos.

Dado o éxito do proxecto piloto levado a cabo no curso 2013- 2014, que fora financiado no marco da convocatoria anual de axudas a proxectos de educación para o desenvolvemento, decidiuse darlle continuidade a través da formalización de convenios de colaboración, debido á especificidade das actividades obxecto do proxecto que son de claro interese público e inciden directamente no ámbito da cidadanía en xeral.

Neste ano porase en marcha a sétima edición (2019- 2020) deste proxecto, que é desenvolvido por tres ONGD especializadas no ámbito da educación para o desenvolvemento. Ao longo destes anos traballouse co profesorado e alumnado dun total de 39 centros de educación secundaria, afondando nas desigualdades sociais existentes e nas causas que as perpetúan, con especial atención á realidade dos países empobrecidos nos que traballa a cooperación galega.

IV Plan director da cooperación galega 2018-2021

O IV Plan director da cooperación galega 2018-2021 recoñece o papel central que as ONGD cumpren no sistema de cooperación para o desenvolvemento, como actores relevantes para o diálogo de políticas e o fortalecemento do sistema galego de cooperación. As ONGD son entidades con coñecemento experto para promover e xestionar intervencións de desenvolvemento e teñen como unha das súas misións a de fomentar a conciencia da cidadanía e a educación para o desenvolvemento no norte, co fin de promover valores de responsabilidade e solidariedade. Esta dobre tarefa xustifica o apoio que estas entidades reciben por parte da Xunta de Galicia e doutras institucións públicas, con cargo aos orzamentos respectivos.

Este plan establece como un dos resultados de xestión a coordinación e complementariedade entre os axentes da cooperación galega para contribuír aos resultados de desenvolvemento e á mellora da planificación e xestión das actuacións en educación para o desenvolvemento. Ambos os resultados de xestión están presentes nas actuacións incluídas neste convenio de colaboración.

EDUCACION INXECTA PRETO DE 20,5 M€ NA ESTRUTURACIÓN E REFORZO DOS CENTROS DE INVESTIGACIÓN DO SUG, O MAIOR INVESTIMENTO REALIZADO ATA O DE AGORA NO SISTEMA CIENTÍFICO UNIVERSITARIO GALEGO

- ***A Consellería ultima a nova convocatoria de axudas que suporá un salto cuantitativo e cualitativo no impulso dos maiores axentes científicos de Galicia, que son os actuais cinco Centros singulares de investigación e as 2 agrupacións estratéxicas consolidadas***
- ***A partir de agora haberá unha única escala de centros de investigación, que recibirán entre un máximo de 1 millón de euros e un mínimo de 500.000 euros en función da cualificación obtida por parte dun comité de expertos científicos segundo estándares estatais e europeos de avaliación***
- ***O obxectivo é avanzar nunha estrutura de investigación universitaria máis sólida e competitiva no eido internacional, que repercuta nunha maior atracción de talento por parte das universidades galegas, así como na mellora do seu posicionamento nas clasificacións universitarias***

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional vai inxectar un total de 20.480.000 euros (cofinanciados con Fondos Feder) no impulso dos centros de investigación do Sistema universitario galego (SUG) para o período 2019-2022, o que significa o maior investimento público realizado ata o de agora no sistema científico universitario galego.

Este investimento, que se canalizará a través dunha orde específica de axudas que hoxe recibiu o visto e praxe do Consello da Xunta, suporá un salto cuantitativo e cualitativo no impulso do que son os maiores axentes científicos de Galicia nestes momentos, conformados por cinco centros singulares de investigación e dúas agrupacións estratéxicas consolidadas do ámbito da intelixencia artificial, das TIC, da química e materiais, da biomedicina e das ciencias do mar. Asemade, a esta convocatoria tamén poderá concorrer o Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE), centro mixto Xunta de Galicia-USC, único de Galicia que conta coa acreditación María de Maeztu do Estado.

Esta nova convocatoria caracterízase por un importante reforzo económico, con preto de 20,5 millóns de euros para o período 2019-2022, o que supón un incremento do 66% con respecto á anterior convocatoria en termos relativos.

Así mesmo, avánzanse na consolidación dunha estrutura de I+D+i máis forte e competitiva no ámbito estatal e europeo, xa que deixan de existir as dúas escalas que viñan definidas desde o ano 2016 (por unha banda, centros singulares de investigación e por outra agrupacións estratéxicas) para integrarse nunha única escala de centros de investigación coa que, ademais, se busca atraer talento e, de xeito paralelo, mellorar a posición das universidades nas clasificacións internacionais.

Para tal fin, establécese un procedemento regrado para a acreditación, estrutura e mellora dos centros de investigación do SUG, cun modelo de avaliación de solicitudes no cal se teñen en conta variables como a captación, formación e retención de talento, a investigación

de referencia competitiva e a captación de fondos competitivos nacionais e internacionais dos centros solicitantes. Isto é, que a partir de agora, para optar a este financiamento, os centros deberán someterse a un proceso de avaliación estandarizado que levarán a cabo recoñecidos expertos alleos ao sistema galego. O financiamento pode variar entre un máximo de 1 millón de euros e un mínimo de 500.000 euros por centro, en función da cualificación obtida nesa avaliación.

Cómpre lembrar que, para levar a cabo este procedemento, o pasado ano, a Consellería creou a Comisión Asesora do Programa de Centros de Investigación Singulares e Agrupacións Estratéxicas do Sistema Universitario de Galicia (SUG), órgano formado por científicos de recoñecido prestixio a nivel nacional e internacional, con experiencia na dirección de centros de investigación e de xestión da I+D procedentes de distintas universidades -todas elas externas ao SUG co fin de garantir a súa independencia-, e outros organismos de diferentes áreas de coñecemento científico como a bioloxía vexetal, a física, a biomedicina, a bioloxía molecular, a química, a computación ou as ciencias sociais.

Antecedentes

No último decenio, o Goberno galego vén promovendo a agregación das capacidades científicas dos seus grupos de investigación en unidades máis fortes co fin de aumentar a competitividade e as capacidades que os grupos non poden acadar por si mesmos. Froito desta política, ata o ano 2015 constituíronse 8 agrupacións estratéxicas que foron o xerme dos actuais centros de investigación do SUG.

No período 2016-2019 déuselle un novo impulso ao sistema de investigación universitaria cun programa específico de acreditación e financiamento de centros de investigación (aos que se lles outorgou un selo de calidade), con cargo ao cal recibiron axudas por un importe de 13,3 millóns de euros. Atendendo á calidade das propostas presentadas deseñouse un sistema en dous chanzos segundo o cal 5 propostas obtiveron a distinción de centro singular de investigación (a máxima posible) e 2 a acreditación de agrupación estratéxica consolidada. Trátase dos centros singulares de investigación CiTIC na UDC, CiMUS e CiQUS na USC; ECIMAT e CIMBIO na UVigo; e as agrupacións estratéxicas consolidadas CiTIUS da USC e AtlanTIC da UVigo.

Folla de ruta 2019-2020

Froito da experiencia acumulada e co fin dun mellor aproveitamento de recursos, a Consellería de Educación lanza agora a nova convocatoria para o período 2019-2020, na cal xa non haberá a distinción en dous chanzos, senón que será unha convocatoria única á cal poderán presentarse as unidades que xa recibiron unha axuda na primeira convocatoria do programa (isto é, os que acadaron a distinción de centros singulares de investigación ou agrupacións estratéxicas singulares na convocatoria do ano 2016); as unidades pertencentes a universidades do SUG acreditadas nunha convocatoria estatal (María de Maeztu e Severo Ochoa).

Ademais do reforzo económico que supón esta convocatoria –dotada con 20,5 millóns de euros que sumados aos 13 M€ da convocatoria de 2016 fan un investimento de 33,5 M€ por

parte de Educación nun período de sete anos-, cómpre subliñar a aposta polo reforzo do modelo de centro mediante unha reforma da gobernanza (con grupos con maior autonomía e flexibilidade) e do liderado científico (con maior capacidade de acción do director científico), o impulso dos comités asesores e dos consellos reitores (pluralidade na composición incorporando á Xunta de Galicia) e a mellora das unidades administrativas de xestión.

Sinerxías con outros programas

O Programa de reforzo de centros que agora bota a andar a través desta convocatoria de axudas está imbricado no conxunto de medidas de apoio ao sistema de investigación universitaria como é o Programa de captación do talento (coa oferta de 10 prazas de investigador distinguido para os centros cun investimento de máis de 4 millóns de euros), os programas formativos da etapa predoutoral e posdoutoral (con 6 e 8 millóns de euros/ano, respectivamente, por parte da Consellería nestes programas); e o Programa de agrupacións estratéxicas en formación (cun investimento de 5.275.000 euros desde 2015).

A XUNTA AUTORIZA A CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE OURENSE POR 8 MILLÓNS DE EUROS

- ***Este servizo contará con 110 prazas, 80 de residencia e 30 de centro de día, o que permitirá incrementar nun 35% a oferta pública neste eido na cidade das Burgas***

O Consello da Xunta dá luz verde a un investimento de 8 millóns de euros que servirá para conseguir unha mellora histórica na atención ás persoas con discapacidade da provincia de Ourense. O Executivo autonómico vén de autorizar o contrato de construción do Centro de Atención ás Persoas con Discapacidade de Ourense, que contará con 110 prazas.

O obxectivo é que esta actuación responda ás expectativas e ás necesidades das persoas con discapacidade da provincia de Ourense e das súas familias. Por este motivo, modificouse o emprazamento previsto inicialmente en Mariñamansa para decantarse polo barrio de Barrocás. Tamén se aumentou o seu tamaño, das 80 prazas propostas ao principio do proxecto ás 110 coas que contará agora (80 de residencia e 30 de centro de día). Desta maneira, incrementará nun 35% a oferta pública de atención á discapacidade que se pon á disposición na cidade das Burgas, ata chegar ás 426.

No que atinxe aos prazos, o seguinte paso será remitir ao *Diario Oficial da Unión Europea* esta licitación, tal e como debe facerse cos contratos desta envergadura. Posteriormente, analizaranse todas as ofertas que se presenten e completaranse todos os trámites para que se poida comezar a construír. A previsión da Xunta de Galicia é que as obras poidan comezar no primeiro cuadrimestre de 2020, de cumprirse co cronograma deseñado para esta importante actuación.

A XUNTA REGULA AS MASAS CONSOLIDADAS DE FRONDOSAS AUTÓCTONAS NUN REXISTRO DE CARA A REFORZAR A SÚA CONSERVACIÓN

- ***O Consello do Goberno galego deu o seu visto e prace ao texto do decreto, que continuará agora a súa tramitación ordinaria co seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo***
- ***A extensión actual destas masas en Galicia é de preto de 415.000 hectáreas, o que supón máis do 20% do territorio forestal da Comunidade Autónoma, de aí a necesidade e importancia de crear este rexistro***
- ***O rexistro suporá beneficios para os titulares destes terreos, que terán prioridade na concesión de axudas públicas, así como vantaxes e incentivos fiscais***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de decreto polo que se crea e regula o rexistro de masas consolidadas de frondosas autóctonas, que a partir de agora seguirá a súa tramitación ordinaria co seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia. O obxectivo final desta norma é mellorar a conservación e posta en valor destas masas, formadas fundamentalmente por carballos, castiñeiros, cerquiños e bidueiros, como recurso económico, social e forestal fundamental de Galicia.

Este decreto supón un importante desenvolvemento da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia e responde tamén ao establecido polo ditame da Comisión Forestal do Parlamento Galego. Cabe destacar que a extensión actual das masas de frondosas autóctonas na nosa comunidade é de preto de 415.000 hectáreas, o que supón algo máis do 20% do territorio forestal galego, de aí a necesidade e importancia de contar con este rexistro.

Así, a Lei de montes de Galicia inclúe no sistema rexistral forestal de Galicia este rexistro de frondosas (de carácter administrativo e de consulta pública), no cal quedarán inscritas aquelas masas cunha superficie en couto redondo de polo menos 15 hectáreas e cunha idade media de polo menos vinte anos. Admitirase a presenza doutras especies arbóreas sempre que non representen máis do 25% do número de pés maiores (enténdese por pés maiores aqueles cun diámetro igual ou superior a 7,5 centímetros). O decreto regula o obxecto e o rexistro de masas consolidadas de frondosas autóctonas, o contido do rexistro e os procedementos de inscrición, modificación e baixa no rexistro.

Beneficios do rexistro

Na norma detállanse os beneficios que suporá o rexistro destas masas. Entre eles, cómpre salientar o feito de que terán prioridade na concesión de axudas públicas, especialmente para dotarse dun instrumento de ordenación ou xestión forestal que regule os seus aproveitamentos dunha forma sustentable.

Ademais, favorecerase –por entender que é o piar principal para a súa conservación– a súa xestión forestal activa, mediante actuacións de mellora e aproveitamento continuadas, seguindo os modelos silvícolas que sexan de aplicación ás especies principais que compoñan as súas masas. Así mesmo, promoverase a súa xestión mediante sociedades de fomento forestal (Sofor) ou por medio de calquera outro tipo de asociación ou agrupación prevista na lexislación vixente. Os seus propietarios terán tamén vantaxes e incentivos fiscais, así como os titulares dos aproveitamentos, e fomentarse a divulgación dos seus valores e das súas utilidades directas, tales como a obtención de madeira de calidade para fins construtivos e ornamentais, de froitos, de cortizas e outras.

Ao tempo, o decreto fixa tamén as obrigas ás que estarán suxeitas estas masas consolidadas. Así, por exemplo, establécese que deberán ser obxecto dunha xestión forestal activa a través dun instrumento de ordenación ou xestión sustentable e que só poderá efectuarse un cambio de especie forestal a frondosas.

A inscrición das devanditas masas neste rexistro poderá facerse por instancia de parte ou de oficio. No primeiro caso, a solicitude poderá realizala calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada, incluíndo montes veciñais en man común, que sexan propietarias ou titulares dun dereito de uso sobre máis do 50% da súa superficie.

A incorporación de oficio será para as masas que formen parte de bosques de ribeira, que estean situadas en áreas declaradas de protección dentro dun plan de ordenación de recursos naturais ou forestais ou aquelas que contribúan, de maneira especial, á conservación da diversidade biolóxica. Tamén serán inscritas de oficio as masas localizadas en terreos forestais incluídos nas redes de faixas de xestión da biomasa consonte a lexislación en materia de prevención e defensa contra incendios forestais.

A NOVA REDE DE COMERCIOS E MERCADOS NO CAMIÑO POTENCIARÁ AS VENDAS E MELLORARÁ OS SERVIZOS QUE SE PRESTAN AOS PEREGRINOS

- ***A Xunta, a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria, impulsa esta iniciativa, da que se poderán beneficiar as prazas de abastos e as tendas dos concellos polos que transcorren as rutas de peregrinación***
- ***A adhesión é gratuíta e os establecementos, que recibirán un distintivo identificativo e elementos promocionais, beneficiaranse das diferentes actuacións de dinamización que se leven a cabo na rede no marco do Xacobeo 2021***
- ***Poderán acceder tamén a axudas para editar material promocional e de empaquetado, así como selos para as credenciais dos camiñantes***

A Xunta poñerá en marcha a nova Rede de Comercios e Mercados no Camiño, unha iniciativa que permitirá potenciar as vendas do comercio de proximidade nos 138 concellos polos que transcorren as diferentes rutas de peregrinación, ao tempo que servirá para mellorar os servizos que estes establecementos prestan aos peregrinos.

Tal e como se informou hoxe no Consello da Xunta, poden sumarse a esta rede de xeito gratuíto tanto os establecementos comerciais como as asociacións de vendedores de prazas de abastos. Ademais, as agrupacións de comerciantes locais poderán solicitar a adhesión en nome dos seus asociados.

Os establecementos que se adhiran á rede recibirán un paquete de benvida con distintos elementos promocionais para os seus clientes e un distintivo identificativo para o local. Ademais, poderán beneficiarse das diferentes actuacións de dinamización que se leven a cabo en torno á rede para apoiar a celebración do Xacobeo 2021, co obxectivo de animar tanto aos peregrinos como aos veciños das vilas e cidades a consumir produtos de proximidade no comercio local.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria busca, por un lado, a dinamización comercial do Camiño, potenciando as vendas e a visibilización dos comercios e mercados situados nos Camiños de Santiago e, por outra banda, mellorar os servizos comerciais ofrecidos aos camiñantes e que estes manteñan a súa relación de clientes a través dos diferentes canais en liña de comercialización cando volvan aos seus lugares de orixe.

Nas próximas semanas publicarase no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) a orde que regulará a adhesión de establecementos a esta rede e que incluírá tamén unha convocatoria de axudas de ata 2.800 euros por beneficiario para que os comercios adheridos que así o desexen editen coa imaxe da Rede de Comercios e Mercados no Camiño solucións en material biodegradable de empaquetado exterior, tanto para o seu envío como para a presentación do produto, protección ou para o seu consumo. Tamén poderán obter apoios para a edición personalizada de selos para as credenciais dos peregrinos.

Esta nova proposta do Goberno galego tamén coincide coa directrices que se tratan de desenvolver a través do Comercio 360, unha iniciativa que responde aos cambios que a

dixitalización e os novos hábitos de consumo están introducindo no sector, anticipándose así ás necesidades dos consumidores.

Ademais, recolle un dos principais obxectivos do Plan estratéxico do Xacobeo 21, que pasa por facer deste evento a panca de cambio da Galicia da próxima década, impulsando non só a vertente reflexiva e cultural desta celebración, senón permitindo, ademais, o desenvolvemento económico e a dinamización dos concellos polos que discorren os diferentes Camiños, maioritariamente no rural.